



BASES PARA A CONTRATACION DUNHA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DE MAR GALAICA GALICIA

Entidade contratante	GRUPOS DE ACCION COSTEIRA GALEGOS
Contratación	Procedemento aberto con multiplicidade de criterios.
Obxecto	Asistencia técnica para a realización de actividades de dinamización ao abeiro dos Plans Estratéxico Zonais (PEZ) dos grupos de Acción Costeira de Galicia
Traballos a realizar	XORNADAS DE PROMOCIÓN DOS PRODUTOS DO MAR “COME O MAR”
Contido das propostas	As propostas a presentar orientaranse á consecución dos seguintes obxectivos: Promocionar e posicionar o Club de Produto de turismo Mariñeiro Mar Galaica, Poñer en valor os produtos mariños da zona, Sensibilizar ao sector hostaleiro cara ao consumo e potenciación destes produtos e Colaborar á promoción turística do territorio.
Prazo de execución	Xornadas: mes de xuño de 2015
Orzamento de licitación	CENTO CINCO MIL EUROS (105.000,00 €), I.V.E. INCLUIDO. Os gastos dos anuncios serán por conta do adxudicatario.
Criterios de adxudicación:	Ver cláusula 7 das presentes bases
Pagamento	A realización do pagamento, farase unha vez finalizado e contrastado o traballo realizado, sempre segundo a execución dos pagamentos dos gastos de funcionamento e dinamización aos grupos de acción costeira pola Consellería do Medio Rural e do Mar.
Presentación das ofertas:	Dez días naturais dende a publicación do anuncio, ata ás 14:00 horas no Rexistro do GAC SEO DE FISTERRA RÍA DE MUROS – NOIA (Ver cláusula 7 das presentes bases).





PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS QUE REXERÁN NO CONCURSO POLO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A ADXUDICACIÓN DE CONTRATO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REALIZACIÓN DA CAMPAÑA GASTRONÓMICA COME O MAR

1) XUSTIFICACIÓN.-

Os Grupos de Acción Costeira de Galicia, en diante GACs, acordaron facer unha actuación conxunta de promoción dos produtos do mar da costa galega lanzando a nivel autonómico unha iniciativa baseada no proxecto Come o Mar que desenvolveu en anteriores edicións unicamente o Grupo de Acción Costeira Seo de Fisterra e Ría de Muros-Noia. Esta acción encadrase no marco de ampliación do Club de produto de turismo mariñeiro Mar Galaica formalizado o pasado un de outubro de 2012.

Estas bases de contratación elabóranse en virtude do convenio de colaboración asinado o 11 de agosto de 2009 entre a Consellería do Mar da Xunta de Galicia e os GACs de Galicia para a aplicación do Plan Estratéxico Zonal (PEZ) no marco do eixo 4 do Fondo Europeo de Pesca 2007-2013.

Os GACs teñen entre as súas funcións, difundir, sensibilizar e dinamizar as accións previstas no Plan Estratéxico Zonal con cargo aos gastos de xestión aprobados con tal fin.

Coa realización desta asistencia técnica perséguese a posta en marcha de actuacións tendentes á consecución dos seguintes obxectivos xerais:

- Difundir a labor que está a desenvolver os GACs a través de Mar Galaica e recoller achegas de entidades ou persoas interesadas en colaborar ou propor novas actuacións ou medidas.
- Desenvolver actividades que permitan un achegamento entre os produtores (sector pesqueiro) e a restauración.
- Desenvolver actividades que colaboren a promoción turística do territorio

2) OBXECTO DAS BASES DE CONTRATACIÓN.-

Durante os anos 2010 e 2012, na zona do GAC 4 «Seo Fisterra e Ría de Muros- Noia» e como parte do seu plan de promoción, se desenvolveu o programa turístico gastronómico COME O





MAR, (Descargar información en Margalaica.net) no que se propoñían actividades aos turistas e visitantes, vinculadas ao mar, tanto dende un punto de vista gastronómico, coma tamén dende o coñecemento da cultura mariñeira, a pesca tradicional, etc.

No 2013 o programa abriuse aos restantes GACs de Galicia; dado o resultado do programa, repetiuse a iniciativa no ano 2014 e agora fórmulase a posibilidade de realizar outra edición nesta anualidade 2015, agardando dar un xiro ás anteriores edicións.

DEFINICION

Tempada gastronómica da cociña mariñeira de Galicia en restaurantes, na que a base das receitas son peixes, mariscos e algas extraídos da costa galega.

Datas de Celebración:

A campaña deberá axustarse aos seguintes prazos:

Antes do luns 25 de maio: Deberá estar editada unha web coa información de Come o Mar 2015 enlazada coa de Mar Galaica e entregarse o material aos establecementos adheridos á campaña.

Presentación da campaña: Entre o 25/05 e o 5/06 da presente anualidade

Campaña gastronómica e turismo mariñeiro: fins de semana de xuño de 2015.

Organización: Mar Galaica, club de turismo mariñeiro

Obxectivos:

- Posicionar o Club de turismo mariñeiro Mar Galaica no ámbito turístico de Galicia.
- Poñer en valor a cultura mariñeira, a pesca tradicional e sostible e os produtos mariños da zona, resaltando as súas mellores calidades e potenciando o seu consumo.
- Fortalecer a unión e o traballo conxunto de todos os grupos de Acción Costeira de Galicia ca proposta dun proxecto conxunto que persegue un beneficio e un obxectivo común.
- Colaborar á promoción turística da costa galega, incrementando o atractivo turístico do destino a través da gastronomía e a exaltación da cultura mariñeira.
- Contribuír á desestacionalización da actividade turística.





3) ACCIONS A DESENVOLVER.-

- Tempada gastronómica mariñeira en restaurantes.
- Tempada actividades turismo mariñeiro

4) AMBITOS DE TRABALLO.-

Coordinación: entre a empresa adxudicataria, entidades participantes e os grupos de acción costeira galegos.

Control e seguimento da campaña: A empresa adxudicataria designará unha persoa responsable en cada territorio dos GACs para o control e seguimento da campaña que promoverá e supervisará a participación e implicación dos establecementos de hostalería, así como a oferta de actividades complementarias e entregará un informe semanal a cada grupo da marcha da campaña. O incumprimento desta obriga poderá supoñer a escisión do contrato.

Plan de comunicación en medios, internet – páxina web de mar galaica e redes sociais, outros,...

Actuacións no territorio. A proposta incluírá como mínimo unha actuación/s complementaria/s a desenvolver en tódolos territorios.

5) ORZAMENTO MÁXIMO.-

O orzamento máximo previsto é de CENTO CINCO MIL EUROS (105.000,00€) . Entenderase que o orzamento ofertado inclúe o Imposto sobre o Valor Engadido, referido ao tipo vixente na data de subscripción da proposición económica.

6) PRAZO DE EXECUCIÓN.-

O prazo de execución do contrato contará a partir da sinatura do mesmo e ata o 30 de xuño de 2015.





7) FORMA E CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN.-

O perfil necesario para desenvolver o contrato é o dunha empresa con capacidade de planificación estratéxica, autonomía e iniciativa no desempeño das súas funcións, capacidade de liderado dos axentes locais de relación e de negociación e con experiencia na realización de actividades similares.

Para a selección da proposta adjudicataria teranse en conta os seguintes criterios de valoración, cun máximo de 30 puntos.

A. CRITERIOS TÉCNICOS: Ata 20 puntos

1. - Calidade técnica da memoria de realización das actividades

Valorarase a calidade técnica da proposta presentada, a partir dos seguintes elementos:

- Idea presentada, grado de maduración, aspectos innovadores.
- Adaptación da proposta ao territorio, ó ámbito do turismo mariñeiro e a promoción específica do mesmo

As empresas licitadoras exporán a súa proposta de desenvolvemento das actuacións previstas. Detallarase expresamente:

- Estratexia de participación cidadá e sectorial da hostalería e o turismo e o sector pesqueiro.
- Adaptación dun banner para publicitar a actividade na web www.Margalaica.net
- Material de cartelería, soportes, distintivos, mantendo a imaxe da edición anterior
- Presentación inicial do proxecto, detallarase expresamente o desenvolvemento deste acto así como a ubicación do mesmo. Valorarase especialmente a implicación do sector da restauración no desenvolvemento do mesmo
- Actuacións complementarias a desenvolver nos distintos territorios. Valorarase especialmente o grado de detalle descritivo das accións a realizar.

(5 puntos)





2. –Plan de comunicación e difusión das actuacións a realizar

Valoraranse os recursos de índole mediático que permitan ás entidades contratantes sopesar a calidade técnica da mensaxe, a motivación dos medios e o seu potencial tratamento e proxección xeográfica, número de insercións publicitarias e os medios ós que se dirixen. **(10 puntos)**

O plan de medios deberá presentarse antes da sinatura do contrato para a súa validación en horarios e dimensionamento conforme a oferta realizada.

3.- Melloras ao contrato (5 puntos).

Valoraranse cun máximo de cinco puntos todas aquelas melloras que incrementen o número de accións ou actuacións a realizar. No caso de incorporación de patrocinadores deberase especificar as condicións do patrocinio que serán avaliadas pola entidade contratante podendo renunciar ao mesmo no caso de non atoparse vantaxoso. Así mesmo os grupos de acción costeira resérvanse o dereito de incorporar os patrocinadores que consideren oportunos.

B CRITERIOS ECONÓMICOS: Ata 5 puntos

.-Oferta económicaAta 5 puntos.

A valoración máxima será para a proposta económica máis reducida. As propostas que sexan un dez por cento inferiores a media das ofertas presentadas consideraranse baixas temerarias. O resto das propostas obterán unha puntuación proporcional á oferta económica presentada.

C. EXPOSICION DA PROPOSTA: Ata 5 puntos

As tres empresas que acaden unha maior valoración nos apartados anteriores, pasarán a expoñer a súa proposta ante o comité de selección. A presentación é de guión libre e deberá





expor os aspectos clave da súa candidatura coa suficiente concisión e claridade como para que o comité de dirección poida formarse unha idea clara da proposta técnica e das garantías e vantaxes competitivas que aportará a empresa no caso de resultar seleccionada.

A esta presentación deberá asistir inexcusablemente a persoa proposta como director de proxecto.

O tempo de exposición das propostas será de quince minutos por empresa, aos que seguirán outros cinco para preguntas dos membros do comité de dirección, podendo ser penalizadas aquelas empresas que se excedan do mesmo.

O comité de dirección resérvase o dereito de declarar o conxunto deserto no caso de que ningunha das propostas presentadas acade os obxectivos propostos e poderá dar un prazo de dous días naturais para que as tres finalistas modifiquen a proposta presentada.

8) FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN.-

As propostas deberán presentarse no Rexistro do GAC Ría de Muros Noia e Seo de Fisterra e irán dirixidas Mar Galaica turismo mariñeiro. O prazo de presentación de ofertas é de dez días naturais dende a publicación do anuncio de licitación e remata as 14:00 horas do dez de marzo de 2015. O anuncio publicarase na páxina web de acción costeira e, na páxina de Mar Galaica e aló menos, nun periódico de ámbito autonómico.

Non serán admitidas propostas remitidas por correo electrónico mais si por calquera forma das previstas na Lei de contratos das Administracións públicas. As propostas serán secretas e a súa presentación presume a aceptación das cláusulas das presentes bases de contratación e a declaración responsable do propoñente que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar cos GACS.

9) DOCUMENTACION A PRESENTAR

As propostas presentaranse en tres sobres independentes pechados, en soporte papel **incluíndo no interior do sobre a mesma documentación en soporte dixital**, e indicando o





nome ou razón social, domicilio social e asinados polo licitador debendo incluír a referencia do contrato obxecto do prego e incluírán a documentación seguinte:

SOBRE A: Documentación xeral:

A) Documentos acreditativos das personalidade xurídica e capacidade de obrar:

A.1) PERSOAS FÍSICAS: Fotocopia do D.N.I debidamente compulsadas.

A.2) PERSOAS XURÍDICAS:

- Deberá presentar copia ou testemuña notarial das Escrituras de constitución e, no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil.

- Fotocopia da tarxeta do Código de Identificación Fiscal (CIF) debidamente compulsada.

A.3) As empresas non españolas de estados membros da Unión Europea deberán presentar a mesma documentación esixida para este tipo de empresas na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Cando dúas ou máis empresas presenten oferta conxunta de licitación, cada unha acreditará a súa personalidade e capacidade debendo indicar os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada unha delas e designar un representante ou apoderado único que ostente a plena representación de todos fronte á entidade colaboradora.

B) Documentos acreditativos da representación:

Poder.- Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de Sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á Persoa ou Entidade ó nome da cal concorre. Dito poder debe figurar inscrito, no seu caso, no Rexistro Mercantil. A persoa/s con poder bastante a efectos de representación deberá acompañar fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade.

C) Certificación acreditativa de encontrarse ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Estado e coa Comunidade Autónoma e coa seguridade social

Certificación ou documento acreditativo de que o contratista se encontra ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social.





D) Solvencia económica: informe expedido por entidade financeira que acredite a solvencia económica da empresa

E) Solvencia técnica:

- Currículo da empresa e da experiencia técnica e profesional
- Relación e currículo profesional das persoas vinculadas ao obxecto de contrato

SOBRE B: Documentación técnica:

As propostas técnicas consistirán basicamente nunha Memoria de Xestión na que o licitador exporá o seu proxecto para o desenvolvemento do contrato, expresando os medios materiais e persoais que achegará para o desempeño da execución desta actividade. Igualmente, fará constar a súa experiencia profesional relacionada co obxecto do contrato e tódolos aspectos que sexan obxecto de valoración.

O licitador definirá as medidas que propón para controlar e garantir, pola súa parte, a calidade dos traballos en caso de ser adxudicatario.

Para iso deberá achegar os datos seguintes:

- - Medidas implantadas na empresa para asegurar a calidade dos seus traballos.
- - Descrición dos aspectos máis significativos do plan de calidade, que o licitador propón para o presente contrato.

SOBRE C: Oferta económica:

A proposta económica deberá detallar o IVE. Solo se admitirá unha proposta por cada licitador.

O licitador comprométese a manter a súa oferta por un prazo mínimo de dous meses a contar dende a apertura das proposicións.

10.- VALORACION DAS OFERTAS

O comité executivo de Mar Galaica Galicia examinará previamente a documentación xeral (Sobre A) correspondente aos licitadores e se como resultado da cualificación dos documentos, observa defectos materiais susceptibles de emendar, procederá á súa





notificación por fax ou e-mail ó interesado, concedendo un prazo de dous días hábiles para a súa emenda.

Seguidamente, abrirá os sobres Nº 2 e Nº 3 e unha vez analizado o seu contido, valorará provisionalmente as distintas ofertas presentadas de acordo cos criterios de valoración sinalados no presente prego. Para a valoración das proposicións, poderanse solicitar cantos informes técnicos se estimen oportunos e, en todo caso terase en conta a mellor relación entre a oferta económica e calidade da proposta realizada.

A non presentación dos documentos esixidos ou a presentación dos mesmos en forma distinta á requirida dará lugar a non admisión da proposición.

O COMITÉ DE DIRECCION será a responsable de avaliar as proposicións presentadas e adxudicar a contratación, estará composta polos seguintes membros, que actuarán con voz e voto agás os membros do comité executivo que actuarán como asesores da mesa.

Presidente: O Presidente do Grupo de Acción Costeira Catro, ou persoa na que delegue.

Secretario/a: O Presidente do Grupo de Acción Costeira Tres, ou persoa na que delegue.

Vocais: Os Presidentes dos demais Grupos de Acción Costeira, ou persoas nas que deleguen.

Asesores con voz e sen voto: os membros do comité executivo de mar Galaica, xerentes dos Grupos de Acción Costeira.

Unha vez analizadas todas as ofertas por parte do comité executivo de Mar Galaica Galicia, os tres licitadores que acaden maior puntuación expoñerán a súa proposta ao comité de dirección notificándoselles o lugar e a data da súa exposición con 24 horas de antelación.

O COMITÉ DE DIRECCIÓN elixirá aquela oferta que presente mellor relación entre a proposición económica e a calidade da proposta realizada.

Transcorrido o prazo de presentación de ofertas, o comité de dirección adoptará a decisión de adxudicación, de acordo cos criterios de baremación apuntados no presente prego. A non presentación dalgún dos documentos esixidos ou a presentación dos mesmos en forma distinta á requirida, dará lugar á non admisión definitiva.





A mesma se reserva o dereito de declarar deserto o concurso en caso de non presentarse ofertas adecuadas.

11) ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DE CONTRATO

O resultado da adxudicación será comunicado a empresa seleccionada por calquera medio: teléfono, correo electrónico, carta ou outros e será publicado na páxina web de acción costeira. O contrato formalizarase por escrito no prazo máximo de dez días a contar dende o día seguinte da comunicación da adxudicación. Ao contrato de adxudicación unirase como parte integrante un exemplar deste Prego que deberá ser firmado polo adxudicatario.

12) GASTOS A CARGO DO ADXUDICATARIO

O adxudicatario virá obrigado a pagar tódolos gastos de publicación de anuncios derivados desta convocatoria.

13) CUMPRIMENTO DA NORMATIVA LABORAL E DE SEGURIDADE SOCIAL.-

O adxudicatario deberá cumprir, baixo a súa exclusiva responsabilidade, as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de prevención de riscos laborais, sen que en ningún caso poida entenderse que entre a Asociación e el exista unha relación de carácter laboral.

14) OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

- a) O adxudicatario queda obrigado a cumprir os extremos da proposta presentada e valorada.
- b) O adxudicatario comprométese, a fin de facilitar o control e seguimento da execución do contrato, a remitir ao Comité de Dirección de Mar Galaica, coa periodicidade que se acorde, informes da súa xestión.
- c) O adxudicatario levará a cabo o servizo con absoluta confidencialidade e coa debida dilixencia. A información, documentación e material entregado polos GACs, ao que teña





acceso por calquera outra causa, terá como finalidade exclusiva o uso para o servizo contratado.

d) O adxudicatario recoñece expresamente que os datos de carácter persoal ou de empresa, aos que tivera acceso por razón da prestación obxecto do presente contrato, son exclusiva propiedade das entidades contratantes, polo que non poderá aplicalos ou empregalos para un fin distinto.

e) O resultado dos traballos de consultoría, na súa totalidade ou en calquera das súas fases, así como o deseño do material promocional da campaña ou calquera produto resultante serán propiedade de Mar Galaica Galicia.

f) Os dereitos e obrigacións do presente contrato non poderán ser cedidos polo adxudicatario a un terceiro.

15) PAGOS.-

O pago do prezo efectuarase nos seguintes prazos:

- Unha vez finalizada a execución do traballo e entregada unha memoria dos resultados da execución do mesmo que inclúa fotografías de todas as actividades realizadas, e en función das dispoñibilidades financeiras do Grupo derivadas do pagamento da Consellería do Medio Rural e do Mar.
- O pago será realizado mediante transferencia bancaria.

Nos prezos da oferta enténdese que os licitadores incluíron tódolos traballos que corresponden ó desempeño dos traballos obxecto do contrato especificados no presente prego. En consecuencia, o adxudicatario non poderá esixir o pago de cantidade algunha por outros conceptos.

O presente prego foi aprobado polo Comité de Dirección de Margalaica na data do 26 de febreiro de 2015.

Presidente do Comité de Dirección de MAR GALAICA GALICIA.

D. Manuel Daniel Formoso Moledo

